

# MEDIDAS NOS ESPAZOS DE TRABALLO

## ORGANIZACIÓN



- A capacidade máxima deberá permitir gardar a distancia preventiva entre persoas (2 metros)
- De ser posible, habilitaranse mecanismos de control de acceso nas entradas
- Flexibilidade horaria e quendas de traballo na medida do posible
- Reorganizar fisicamente os postos de traballo se é necesario e empregar elementos físicos que fagan de barreira (paneis, etc)

## PROTECCIÓN



- Garantir a subministración de material de protección segundo prevención de riscos laborais (recoméndase o uso da máscara cando non se garanten 2 metros de distancia interpersonal)

## HIXIENE



- Extremar os traballos de limpeza e desinfección, garantindo unha limpeza no cambio de quenda
- Asegurar a dispoñibilidade de produtos para a hixiene de mans (xabón ou solucións hidroalcohólicas)
- A roupa de traballo meterase nunha bolsa pechada para o seu traslado e lavarase con auga quente (60-90°C)
- Aumentar a frecuencia das ventilacións (duración mínima 5 min) e a limpeza dos filtros de aire

## REFUGALLOS



- Coidar a xestión dos refugallos:
  - Residuos ordinarios → tratamento habitual
  - Material de hixiene persoal (máscaras e luvas) → fracción resto do lixo
  - Material contaminado → bolsa colocada nunha segunda bolsa pechada → fracción resto